

ROQUE FANEGO

Pintor viveirense que expón en Ortigueira

“Hai un cadro meu de Portocelo en Hong Kong”

S.D.P.



Fanego expón estos días no claustro do concello de Ortigueira

El Progreso

viernes, 9 de diciembre de 2005

■ Os claustros da casa do concello de Ortigueira acollen desde o 19 de novembro unha mostra de 26 cadros do pintor viveirense Roque Fanego. A exposición clausúrase mañá polo noite, así que todas aquelas persoas que queiran botarlle un olllo á súa obra, deben apurar as derradeiras horas.

— **Como definiría os seus cadros?**

— Son realistas. Paisaxes urbanas, rurais e mariñas.

— **Todas de Viveiro?**

— A maioría das urbanas son de Viveiro. As rurais son de toda a comarca e as mariñas, de Ortegal a Esteiro. Todas, identificables polo espectador.

— **Como é o proceso creativo? Vai ali cos seus bártulos e pónsele a pintar?**

— Por regla xeral tomo un boceto do natural e remátalo no estudio. É que hai que contar co problema da luz, no verán ainda podes rematar un apunte nunha sesión, pero no inverno non tés luz suficiente.

— **Eso matará a inspiración, que se acabe a luz.**

— Home, case todos os pintores temos unha parte de inspi-

ración, de talento, pero o resto é oficio. Case todo.

— **Como aquello que dician de que a arte é 10 por cento inspiración e 90 por cento transpiración.**

— Si, era Beethoven quen o dícia, non? Pero el era un xenio e podía permitirse esaxerar. Canto más xenio, máis humildade se pode ser. Hai que ter un pouco máis de talento.

— **Vostede é empregado de banca, que lle achega o banqueiro ao pintor e o pintor ao banqueiro?**

— Nada. Non hai afinidade entre as dúas cousas, unha é vocación e a outra, obriga; unha é prosa e a outra é poesía.

— **Ata onde chegaron os seus cadros?**

— Teño cadros en moitos sitios, en Europa, nos Estados Unidos... ata en Hong Kong, un mexicano con ascendencias gallegas que ten negocios en Hong Kong e en Singapur comprou un cadro na Casa de Galicia en Madrid. Incluso tiña interese de que fora expoñer alá, pero non me animei.

— **Unha paisaxe? De onde?**

— De Portocelo.